

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN, OBRAS E LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Artigo 1º.

1. Segundo o que se prevé no art.101 da *Lei 39/1988*, do 28 de decembro, *reguladora das facendas locais*, constitúe o feito imponible do imposto a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, se obtivese ou non a dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.
2. As construcións instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:
 - a) Obras de construción de edificacións e instalacións, de todas clases, de nova planta.
 - b) Obras de demolición.
 - c) Obras de edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
 - d) Aliñacións e rasantes.
 - e) Obras de fontanería e da rede de sumidoiro.
 - f) Obras en cemiterios.
 - g) Calqueroutra construción instalación ou obra que requira licenza de obra urbanística.

Artigo 2º.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da *Lei xeral tributaria*, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considerarase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.
2. Ten a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte quen solicite as correspondentes

licenzas ou realice as construcións, instalacións ou obras, se non fosen os propios contribuíntes.

Artigo 3º.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra.
2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
3. O tipo de gravame será o 2%.
4. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

Artigo 4º.

1. Cando se conceda a licenza preceptiva practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que este fose visado polo colexio oficial correspondente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custe estimado do proxecto.
2. Unha vez vistas as construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e o custe real efectivo delas, o concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Artigo 5º.

A inspección e recadación do imposto realizarase segundo o que se prevé na *Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado* reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 6º.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que por elas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na *Lei xeral tributaria* e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Artigo 7º- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS EDIFICIOS.

1. Polo outorgamento das licenzas de primeira ocupación de vivendas ou locais satisfarase o 0,20% do orzamento total de execución da obra.
2. Á solicitude de licenza de primeira ocupación achegarase inescusablemente:
 - a) Fotocopia e orixinal, para cotexar, da alta no Imposto de Bens Inmobles, selado pola Delegación de Facenda.
 - b) Planos do estado actual da edificación se houberse modificacións respecto ó proxecto orixinal.
 - c) Certificado final da dirección de obra.
 - d) Baixa da auga da obra.

Artigo 8º- RENUNCIA, CADUCIDADE E DURACIÓN DAS LICENZAS.

1. Cando o suxeito pasivo renuncie á licenza solicitada ou aprobación do proxecto básico, non dará lugar á devolución das taxas ingresadas.
2. Considerarase caducada a licenza ou aprobación do proxecto básico se despois de concedido ou aprobado o dito proxecto, transcorren máis de 6 meses sen presentar o proxecto de execución ou dado o comezo ás obras ou cando, unha vez empezadas, fosen interrompidas durante o expresado prazo, salvo en caso de forza maior, a que deberá ser alegada polo titular da licenza antes de que expire o referido prazo para a resolución da petición por parte do órgano concedente.
3. Todas as licenzas que se concedan levarán un prazo para a execución das obras ou instalacións, que se propondrá polo técnico autor do proxecto, non podendo

superar os 36 meses. Unha vez rematado o dito prazo quedará caducada a licenza a menos que anticipadamente se solicite e obteña prórroga regulamentaria polo prazo máximo de 12 meses. As taxas pola concesión da prórroga fíxanse nun 20% sobre a base liquidable da licenza inicial, nos valores actualizados co IPC ó momento de solicitarse a dita prórroga.

Artigo 8º bis.

En todas as obras suxeitas ó imposto regulado na presente ordenanza, deberá ser colocado un cartel de medidas adecuadas á obra, en lugar visible, que conteña os seguintes datos: número de licenza de obra, data de concesión, promotor, número de pisos, altura máxima permitida e técnicos directores da obra.

Artigo 9º.

No que non estea expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos que se conteñen na subsección 5ª da sección 3ª, do capítulo II do título da referida *Lei 39/1988*, concordante e complementarios dela, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, será de aplicación a partir do mesmo día e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Esta ordenanza foi modificada, engadíndolle o artigo 8 bis, e esta modificación, xa introducida no texto, e publicada no *Boletín Oficial da Provincia* do 15 de febreiro de 2002, entrou en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no dito *Boletín*, será de aplicación a partir desta data, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.